

BASES IX Certame De Pintura Ao Aire Libre Antonio Fernández

Eurocidade Cerveira-Tomiño

DATA DA CELEBRACIÓN: 22 Agosto de 2021.

LUGAR: Parroquia de Goián en Tomiño e Vila Nova de Cerveira (Portugal).

1. Poderán participar todas as persoas maiores de idade e nenos e nenas acompañados por adultos, que serán os seus responsables en todo momento.
2. O tema será calquera paisaxe do percorrido establecido no plano que cada participante deberá descargar da páxina web da Eurocidade O procedemento e a técnica serán libres.
3. A obra deberá realizarse ao aire libre, do natural (non se permite a utilización de fotografías) e in situ. O incumprimento por parte dos participantes desta norma suporá a descalificación automática do concurso.
4. A inscrición será gratuíta e farase dende o día de publicación destas bases ata o 20 de agosto (incluído) a través da páxina web da Eurocidade por rigorosa orde de inscrición. Debido a actuais circunstancias derivadas da COVID-19 a inscrición este ano só poderá facerse de maneira online. Non se permitirán as inscricións presenciais o día do certame.
5. As persoas inscritas deberán presentarse o día do certame entre as 9:30 e 11:30 horas (8:30 e 10:30h de Portugal) na Aula Museo Antonio Fernández na praza Pintor Antonio Fernández de Goián – Tomiño, co obxecto de que a organización sele e numere o soporte. Os participantes deberán manter en todo momento a distancia de seguridade e cumprir coas normas sanitarias establecidas para a prevención da COVID19.
6. Cada participante deberá ir provisto de todo o material que poida necesitar para desenvolver a súa obra, incluído o cabalete ou soporte.

O soporte (agás no caso da categoría infantil que será de libre elección) deberá ser ríxido (lenzo, taboleiro, etc.) e de 1 cm. de ancho como mínimo. Se presentará en branco sen textura e sen ningún tipo de marco, (mínimo de 50 x 50 cm-2.500 cm²-, e máximo de 100 x 100 cm.-10.000 cm²-) Deberase pintar in situ e do natural.

7. As obras terminadas serán presentadas, sen asinar e xunto có cabalete, para súa exposición na Praza Pintor Antonio Fernández (Goián), e colocalas nos espazos habilitados para este fin, entre as 17:00h e 18:00h (16:00 e 17:00h de Portugal) do mesmo día do certame co obxecto de que o xurado inicie a calificación das obras. Só se admitirá unha única obra por artista. As obras premiadas serán asinadas despois da entrega de premios.

8. O xurado, composto por personalidades vinculadas co mundo das artes e por membros das entidades patrocinadoras dos premios, reunirse a partir das 18:00 horas (17:00h de Portugal) do mesmo día do certame e emitirá o fallo ás 18:30 horas (17:30hPT).

9. Os premios establecidos serán os seguintes:

Categoría adultos:

- 1º Premio: 1.500 euros.
- 2º Premio: 500 euros.
- 3ª Premio: 500 euros.

Categoría infantil:

- 1º Premio: Diploma e material de debuxo e pintura por valor de 50€.
- 2º Premio: Diploma e material de debuxo e pintura por valor de 25€.

Categoría xuvenil:

- 1º Premio: Diploma e material de debuxo e pintura por valor de 100€.
- 2º Premio: Diploma e material de debuxo e pintura por valor de 50€.

Na categoría adultos o 1º premio será con cargo ao orzamento do Concello de Tomiño, o 2º Premio correrá a cargo da Comunidade de Montes de Goián, e o 3º, a cargo da Fundação Bienal de Arte de Cerveira. Nas categorías infantil e xuvenil os primeiros premios correrán a cargo da Fundação Bienal de Arte de Cerveira e os segundos do Concello de Tomiño.

Todos os premios están suxeitos á lexislación fiscal vixente, realizándose sobre ditas cantidades as retencións legalmente establecidas.

Para recoller os premios será imprescindible a presenza do autor ou autora, ou dun certificado no seu nome. Se o xurado o estimara oportuno algún dos premios podería quedar deserto.

10. Todas as obras premiadas pasarán a ser propiedade dos patrocinadores dos premios que se reservan o dereito de edición e reprodución das mesmas.

11. Os autores non premiados poderán recoller a obra o mesmo día do certame entre as 18:30 e as 19:30 horas (17:30 a 18:30h de Portugal), sendo requisito necesario presentar a copia da ficha de inscrición.

12. As persoas participantes que o decidan poderán deixar en exposición a súa obra durante dúas semanas coa fin de atopar un posible comprador/a. Durante a 1ª semana, estas obras estarán na sala de exposicións do Centro Goianés (Goián) e a 2ª no auditorio da Biblioteca Municipal de Vila Nova de Cerveira e do Open Space do Foro Cultural Cerveira, ou nun local cultural alternativo. Os/as artistas deberán facilitar os seus datos de contacto e o prezo da obra, a dita información será exposta ao público. O Concello de Tomiño e a Fundação Bial de Arte de Cerveira en ningún caso farán de intermediarios nunha posible venda e serán as persoas interesadas as que contacten directamente cos artistas. O Concello de Tomiño e a Fundação Bial de Arte de Cerveira tamén quedan exentos de toda responsabilidade en canto á custodia e/ou seguro por roubo ou desperfectos de calquera das obras expostas.

13. As persoas que decidan deixar as súas obras en exposición, poden recollelos ata o 17 de setembro, no Foro Cultural de Cerveira (Av. das Comunidades Portuguesas S/N, 4920-275 Vila Nova de Cerveira), de lunes a viernes, en horario de oficina del FBAC - 09:00-12:30 | 13:30-17:00 (Secretaría, Entrada Norte). O artista deberá notificar con antelación, a hora e data exactas para a recollida con antelación, por teléfono: 251 794 633 e / ou geral@bionaldecerveira.pt.

14. O Concello de Tomiño e a Fundação Bial de Arte de Cerveira, que en todo caso velarán pola boa conservación das obras, non se fan responsables de calquera continxencia que poidan sufrir tanto as obras como os materiais dos participantes durante o desenvolvemento do certame.

15. A participación neste certame supón a plena aceptación das presentes bases.

TOMIÑO, 26 de xullo do 2021

Fátima Rodríguez González

Concelleira de Eurocidade, Mocidade e Participación Infantil